

ARQUIVO DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DE PONTEVEDRA



MEMORIA ANUAL

---

Ano 2013

Índice	
1.- PRESENTACIÓN.....	2
2.- O ARQUIVO PROVINCIAL.....	4
2.1.- O Arquivo Provincial. As Instalacións .....	5
2.2.- Os fondos documentais do Arquivo Provincial. ....	6
3.- INGRESOS – TRANSFERENCIAS.....	13
3.1.- Ingresos Ordinarios.....	13
3.2.- Ingresos Extraordinarios.....	13
3.3.- Ingresos e volume total. ....	14
4.- SERVIZO DE CONSULTA.....	15
4.1.- Servizos internos.....	15
4.2.- Servizos externos .....	15
5.- OUTRAS TAREFAS E ACTIVIDADES.....	16

## 1.- PRESENTACIÓN.

En Galicia, a primeira Deputación constitúese o 19 de marzo de 1813, presidida polo marqués de Campo Sagrado, contando cun vicepresidente e sete vogais representando as sete cidades capitais das antigas provincias.

O nacemento da provincia como entidade local con vida propia data da Constitución de Cádiz, aprobada no ano 1812, que estableceu por vez primeira no seu artigo 325 unhas institucións, as deputacións provinciais, concibidas como órgano reitor de cada unha delas, presididas polo xefe superior e con funcións básicas de control e vixilancia da administración dos lugares que integran aquela.

Haberá que esperar até o decreto das Cortes de 27 de xaneiro de 1822 para que se plasme unha nova división provincial que divide a Galicia nas catro provincias actuais, con pequenas variacións, asignándose a capitalidade da provincia actual á Vigo, onde se constituirá a Deputación Provincial o 24 de maio de 1822, chegando a funcionar algo máis dun ano, data na que volven ser suprimidas pola restitución do rei Fernando VII.

Co decreto de 30 de novembro de 1833, inspirado por Javier de Burgos, iníciase o proceso definitivo que culmina coa restitución das catro provincias galegas actuais e a constitución das Deputacións actuais, sendo o 12 de febreiro de 1836 cando se constitúe definitivamente a de Pontevedra, logo de certas disputas coa cidade de Vigo, reticente a perder a capitalidade.

Desde o ano 1836 até hoxe, a Deputación vén desempeñando con total continuidade un amplo abano de funcións e actividades, que foron variando de acordo coa lexislación aplicable en cada momento. Inicialmente, a Constitución de Cádiz asínjalles as funcións de aprobar os repartimentos das contribucións dos pobos da provincia, velar polo axeitado investimento dos fondos públicos, coidar o establecemento dos concellos, propoñerlle arbitrios ó Goberno, promover a educación, a agricultura e a industria, formar o censo e a estatística provincial, coidar dos centros benéficos e dar conta das infraccións que xurdan na provincia.

A lexislación actual asínjalles as competencias propias de coordinar os servizos municipais entre si para garantir a súa prestación adecuada; a asistencia xurídica, económica e técnica ós concellos; a prestación de servizos públicos de carácter supra-municipal e, en xeral, o fomento dos intereses particulares da provincia.

Este cúmulo de xeneralidades que se vén mantendo en toda a lexislación local provocou unha serie de actuacións moi diversificadas, das que quedarán moitos testemuños documentais e que se reflicten no cadre de clasificación do fondo documental desta institución.

As modificacións alcanzaron tamén a propia organización da institución e a designación, competencias e denominación dos seus órganos de goberno e órganos administrativos.

O órgano unipersonal que dirixe a Deputación é inicialmente o xefe político, antecedente directo do gobernador civil, sendo o primeiro presidente desta institución D. Miguel del Pino. En 1863 establecése que a Corporación elixa entre os seus membros un presidente para cada sesión, pero logo o sexenio revolucionario volve á figura do gobernador civil- presidente de facto. Será a lei de 1870 a que estableza a figura do presidente para un período de sesións, sendo nomeado polo propio gobernador civil ou pola Corporación dependendo do momento. Con posterioridade, na maior parte das ocasións será o gobernador o que nomee directamente ó Presidente e non será até o ano 1950 cando apareza a figura do presidente da Deputación como órgano diferenciado e independente do gobernador civil, que aínda así e todo permanecerá como presidente nato da institución até 1978. No período democrático o presidente é un órgano electo, de forma indirecta, entre e polos deputados provinciais.

Nun principio o número de deputados que integraban o Pleno da Corporación era de sete, un por partido xudicial, variando sucesivamente tanto a fórmula de elección coma o número total destes, alcanzando na actualidade un total de 27 deputados, como representación proporcional ó número de habitantes dos 13 partidos xudiciais.

Esta estrutura complétase con outros órganos colexiados estables, ademais das variables comisións informativas e especiais creadas en cada período.

## 2.- O ARQUIVO PROVINCIAL.

O Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico insírese no organigrama da Deputación de Pontevedra como órgano encargado da planificación e desenvolvemento das actuacións relacionadas co patrimonio documental e bibliográfico, resultado do natural das actuacións do Arquivo e da Biblioteca e coa finalidade básica de difundir a información e a cultura.

A súa formulación organizativa inclúe tres grandes áreas de actuación: Patrimonio Documental, Patrimonio Bibliográfico e Editorial.

No relativo ao Patrimonio Documental conta con dúas seccións:

1.-Arquivo da Deputación: a súa función básica consiste en recoller, organizar e servir a documentación producida polos propios organismos da Deputación e aqueloutros fondos recibidos por vías e causas diversas (compras, doazóns...).

2.-Patrimonio Documental Provincial: encargado da información e asistencia técnica permanente en todo o que atinxe ao patrimonio documental existente na provincia de Pontevedra, especialmente aquel ligado ás entidades locais segundo a función legal atribuída ás deputacións para lles proporcionar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica ós concellos.

O Patrimonio Bibliográfico xestiona o fondo bibliográfico xurdido a partir dunha política de adquisicións, doazóns e intercambio bibliográfico de monografías referidas á provincia de Pontevedra e a Galicia. Conta ademais entre as súas funcións a da salvagarda e divulgación do patrimonio cultural inmaterial deste territorio. Conta na súa organización coas seccións de monografías de Galicia, hemeroteca, cartoteca, fondos sonoros e musicais, fondo gráfico e fondo audiovisual.

A Editorial ten a función de darlle forma e funcionalidade á política desta Deputación no que respecta á edición e difusión das publicacións periódicas e dos fondos bibliográficos, nace o Servizo de Publicacións en 1986, que dispón dunha ampla gama de obras editadas, froito dunha coidada selección de coleccións e campos temáticos.

### RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS A PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO

SERV.	DENOMINACION DEL PUESTO	DOT <sup>1</sup>	CD <sup>2</sup>	C. ESPECIFICO <sup>3</sup>	T <sub>4</sub>	P <sub>5</sub>	AD <sup>6</sup>	GRUPO <sup>7</sup>	REQUISITOS	OBSERVACIONES
332 JEFE DE SERVICIO PATRIM. DOCUMENTAL Y BIBLIOGRAFIC		1	29	29.148,11	S	L	AE	A1	TS	CP <sup>8</sup>

332 JEFE DE SECCION ARCHIVO CENTRAL	1	26	10.314,84	S	C	AE	A1	TS
332 JEFE DE SECCION ARCHIVOS DE LA PROVINCIA	1	26	10.314,84	S	C	AE	A1	TS
332 JEFE DE SECCION BIBLIOTECA SUAREZ LLANOS	1	26	10.314,84	S	C	AE	A1	TS
332 JEFE DE SECCION EDITORIAL PUBLICACIONES	1	26	10.314,84	S	C	AE	A1	TS
332 CARTOGRAFO	1	23	7.829,70	N	C	AE	A2	TM
332 TECNICO MEDIO ARCHIVO Y BIBLIOTECA	3	23	7.829,70	N	C	AE	A2	TM
332 CORRECTOR DE PRUEBAS JEFE NEGOCIADO	1	22	7.427,18	N	C	AE	C1	TA
332 ADMINISTRATIVO	1	20	7.124,56	N	C	AG	C1	AD
332 JEFE DE ALMACEN	1	20	6.720,76	N	C	PO	C1	EN
332 TECNICO ESP. EN ARCHIVO Y BIBLIOTECA	1	20	7.124,56	N	C	AE	C1	TA
332 TECNICO ESP. EN CARTOGRAFIA	1	20	7.124,56	N	C	AE	C1	TA
332 TECNICO ESP.EN COMPOSICION/EDICION	2	20	7.124,56	N	C	AE	C1	TA
332 AUX. ADMINISTRATIVO	1	18	7.017,50	N	C	AG	C2	AU
332 AUX.EN DOCUMENTACION AUDIOVISUAL	2	18	7.017,50	N	C	SE	C2	CE
332 OFICIAL AUDIOVISUAL PATRIMONIO	1	17	6.618,81	N	C	PO	C2	OF
332 OPERARIO CARGADOR	1	13	6.196,89	N	C	PO	E	OP
332 OPERARIO SERV. VARIOS ARCHIVO	1	13	6.196,89	N	C	PO	E	OP
Total 332		22						

## 2.1.- O Arquivo Provincial. As Instalacións.

O Arquivo, xunto cos demais servizos da Deputación, instálase inicialmente, tras unha breve estancia na rúa Costa de Santa María, no desamortizado convento de San Francisco onde permanece até 1890, ano no que se traslada á nova sede do actual Pazo provincial.

Na actualidade o Arquivo da Deputación, amén dun espazo no propio Pazo destinado á recepción documental transferida, ocupa o edificio situado entre as rúas Pai Amoedo, Pai Sarmiento e a edificación do antigo convento dos Xesuítas, á que se une nos puntos extremos.

Esta edificación foi reformada entre os anos 1981 e 1983 para instalar o arquivo na planta baixa e salas de exposicións do Museo e vivenda nas plantas superiores. No ano 2005 iniciase o proceso de restauración completa coa intención de dedicar a totalidade da edificación para as instalacións do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra.

No ano 2008 inaugurouse esta nova sede logo da reforma integral do edificio, o que proporciona unhas instalacións modernas e amplas, axeitadas para o desenvolvemento das actuacións e servizos que se veñen prestando. Entre as premisas do proxecto destacaba o resalte da edificación mediante unha fachada na que se promociona a parte central, que se transforma nun corpo transparente e diáfano, combinando cobre e pedra, que abre o edificio á cidade.

O proxecto, obra do arquitecto José Enrique Pérez-Ardá Criado, da como resultado unha nova distribución interna con cinco plantas: dous sotos para depósito de fondos documentais, cunha superficie de 1.100 m<sup>2</sup>, nos que se instala os equipamentos necesarios para a súa específica función, todos eles con estante compacto.

Na planta baixa dispone un gran patio distribuidor central, algúns despachos e zonas de servizos comúns, coma o salón de usos múltiples.

Nas plantas superiores distribúense as zonas de traballo e consulta das diferentes seccións do Servizo do Patrimonio Documental e Bibliográfico: arquivo, biblioteca, gabinete de normalización lingüística e editorial, cada un deles cos seus medios e instalacións inherentes.

## 2.2.- Os fondos documentais do Arquivo Provincial.

O Arquivo da Deputación de Pontevedra conserva e dispón especialmente o fondo documental xerado pola institución no desenvolvemento das súas funcións e servizos.

Xunto con este patrimonio dispón doutros fondos documentais debidamente individualizados que por vías e causas diversas recibidas no seu día, tanto de carácter público ou institucional coma privado e familiar.

### FONDOS:

#### 1.- Fondo Deputación de Pontevedra (1708-Actualidade)

O fondo organizouse seguindo un criterio de clasificación orgánico-funcional, co resultado do actual cadre de clasificación, artellado arredor de catro seccións, referidas sucesivamente a xestión dos órganos de goberno colexiados e unipessoais, o funcionamento administrativo, a xestión de servizos e, por último ó control e xestión orzamentario. Cada unha destas seccións subdivídese en subseccións e estas en series e subseries, atendendo á variedade da tipoloxía documental e ás series existentes.

E así no Fondo da Deputación merecen destacarse, entre outros, os documentos que reflecten a creación e modificación dos diferentes concellos que integran a provincia, por ser este un proceso no que sempre interveu a Deputación; así como os libros de actas dos órganos colexiados, mantendo a secuencia cronolóxica desde o período de sesións inicial (acta de constitución da Deputación de 12 de febreiro de 1836.

Por outra parte, o fondo inclúe algunha documentación anterior á creación da Deputación por considerarse antecedente directo e ter a continuidade oportuna na mesma serie en épocas posteriores, destacamos as seguintes series:

- Expedientes de división territorial desde 1833
- Expedientes de camiños, estradas e fontes desde 1830
- Expedientes de visitas as Devesas Reais e Plantíos desde 1748
- Expedientes de quintas desde 1834
- Expedientes de sanidade desde 1833
- Expedientes de beneficencia desde 1786
- Expedientes de educación desde 1834
- Expedientes de Contadoría de propios e arbitrios desde 1759 a 1856, referida ó control económico dos cotos, xurisdicións e concellos

## 2.-Casa Porto-Briallos (1516-1894): 7 unidades de instalación; 598 agrupacións documentais.

Importante fondo documental con abundantes testemuños dos séculos XVI e XVII. Contén moita información de carácter xenealóxico e tamén económico.

## 3.-Unión de Xornalistas de Pontevedra (1982-1985): 3 unidades de instalación; 12 agrupacións documentais.

A pesar de ser un fondo pouco voluminoso, tanto as actas coma a documentación dos seus afiliados pode ter certo interese para o coñecemento deste colectivo profesional. Ademais da documentación consérvanse así mesmo cuños, anagramas, diplomas e unha placa conmemorativa.

4.-Xunta Provincial de Ordenación Económico-Social (1941-1961): 15 unidades de instalación; 346 agrupacións documentais.

É unha interesante documentación para estudar as necesidades básicas dos municipios que se traduce documentalmente en enquisas, estatísticas e correspondencia que reflicten as carencias destes anos da posguerra na provincia. Acheigan información sobre poboación, infraestruturas e fundamentalmente sobre o paro obreiro.

5.-Colección Gaspar Massó (1535-1982): 1 unidad de instalación; 16 agrupacións documentais.

A documentación foi reunida por Gaspar Massó para os seus estudos sobre Pedro Madruga e a familia Sotomayor, relacionada coa familia Caamaño, que asume o Condado de Maceda. O seu maior interese é a achega de xenealoxías.

6.- Xunta de Axuda a Municipios (1945-1965): 99 unidades de instalación; 2.284 agrupacións documentais.

Información relativa ás obras realizadas nos diversos concellos, pero o más interesante deste fondo son as fotografías conservadas nos expedientes, que nos deixan constancia de pontes, lavadoiros, fontes, casas dos concellos, camiños e centros rurais de hixiene.

7.-Instituto Nacional de Colonización (1946-1966): 22 unidades de instalación; 1.211 agrupacións documentais.

Documentación de trámite sen maior interese histórico, comprende expedientes de tres clases: subvencións, anticipos e auxilios técnicos para pequenas obras no rural.

8.-Familia Malvar (1512-1877): 15 unidades de instalación; 408 agrupacións documentais.

Contén basicamente documentación relacionada coa evolución familiar, co cobro de rendas e coas propiedades e casas da familia localizadas nas actuais catro provincias galegas. Estas son as casas de Vilerma e Eiroas na provincia de Ourense, a casa da Touza na de Pontevedra, a de Toiriz en Lugo e as de Periscal, Noia e Xallas na Coruña.

Ten grande importancia histórica para estudiar as xenealoxías e a historia económica dos séculos XVI e XVII coa súa complicada rede de aproveitamento e xestión.

**9.-Familia Mosquera (1674-1961): 1 unidade de instalación; 125 agrupacións documentais.**

Contén información sobre foros e modificación do patrimonio familiar de interese para o estudo da historia económica de Galicia.

**10.-Familia Caamaño (1411-1895): 138 unidades de instalación con 3.574 agrupacións documentais.**

Moi interesante non só para a investigación xenealóxica senón tamén pola abundante información sobre a historia económica, a transmisión da propiedade e a administración do patrimonio no ámbito xeral de Galicia pois abarca as catro provincias. A documentación relativa a preitos é importantísima pola amplitude cronolóxica e refírese basicamente a cuestións patrimoniais e á sucesión de morgados e vínculos, das cales a máis importante é a que produce o marquesado de Vilagarcía entre os séculos XVIII e XIX. Comprende documentación de varias casas e familias que por agregación converxen na familia Caamaño.

**11.-Xunta Provincial de Electrificación (1954-1973): 33 unidades de instalación; 387 agrupacións documentais.**

Información sobre a paulatina electrificación da provincia.

**12.-Servizo Nacional de Inspección e Asesoramento das Corporacións Locais (1834-1985): 155 unidades de instalación con 810 agrupacións documentais.**

Documentación de gran interese para os estudos de temática local xa que recollen acordos, visitas de inspección, queixas, reclamacións contra actuacións dos concellos e incluso orzamentos carcerarios.

**13.-Padroádego de Vivendas de Funcionarios (1950-2006): 13 unidades de instalación; 100 agrupacións documentais.**

Contén antecedentes dun padroádego de vivendas patrocinado polo Concello de Tui coas datas 1936-1964. Destaca a documentación relativa a construcción do edificio da Alameda.

**14.-Gota de Leite (1931-1937): 3 unidades de instalación; 5 agrupacións documentais.**

Este escaso fondo contén basicamente información sobre a posta en funcionamento da institución e cuestións de contabilidade.

15.-Inclusa Provincial (1773-1958):122 unidades de instalación (71 libros de rexistro e 52 unidades de instalación); 2949 agrupacións documentais.

Ten un grande interese para o estudio da realidade social da infancia, para a busca de biografías familiares e para o estudio histórico e social da cidade de Pontevedra desde o último terzo do século XIX e primeira metade do XX.

16.-Hospicio (1829-1979): 188 unidades de instalación (96 libros de rexistro e 92 unidades de instalación) con 1.254 agrupacións documentais.

Ten grande interese para o estudo da situación social da provincia. Derivada da función de beneficencia e asistencial propia das deputacións e pola súa vinculación económica con ela, estes fondos estiveron sempre baixo a custodia do organismo provincial.

17.-Familia Domínguez Sánchez (1650-1963): 2 unidades de instalación; 178 agrupacións documentais.

Constitúe un importante fondo documental para poder estudiar a propia familia e a súa xestión patrimonial . A maior parte alude ó aproveitamento económico das propiedades de Vicente Domínguez Vidal, o seu fillo Juan Domínguez Sánchez e o sogro Álvaro Sánchez. Contén tamén documentación relativa ó escribán Antonio Durán de Castro, veciño das Neves.

18.-Asociación da Prensa de Vigo (1930-1995): 82 unidades de instalación con 506 agrupacións documentais

Constitúe un importante fondo documental para poder estudiar a realidade dos protagonistas da prensa viguesa, especialmente no relacionado coa “Hoja del Lunes”.

Destacan neste fondo a documentación referida ás actuacións dos órganos de governo (Xunta Directiva e Asemblea Xeral) así como a derivada das relacións coas diferentes asociacións nacionais. Tamén é de interese o control dos socios así como toda a referida a un variado conxunto de actividades que desenvolveu a asociación desde 1949.

19.-Familia Nores (1610-2005): 2 unidades de instalación; 18 agrupacións documentais.

Colección documental variada da Familia Nores, especialmente de D. Narciso Nores Salgado e o seu fillo, D. Agustín Nores Patiño, relacionada tanto coas súas propiedades e actuacións familiares coma coa súa actividade empresarial no sector conserveiro, na contorna da vila de Marín.

20.-Augusto Bárcena Saracho (1631-2013): 31 unidades de instalación con 142 agrupacións documentais

Este fondo está composto por diversos documentos de índole xenealóxica e relixiosa así como de carácter notarial pertencentes á Familia Bárcena Saracho. Ademais, inclúense series documentais compostas por documentación varia relacionada co terreo Sobral, tales como cartas, recibos e outra documentación, ademais de correspondencia, fotografías, postais, revistas e outra documentación de carácter persoal pertencente aos diferentes membros da Familia Bárcena Saracho.

21.-Marqueses de Leis (1502-2009 ): 9 unidades de instalación; 273 agrupacións documentais.

Contén información interesante para o coñecemento da historia económica, transmisión de propiedades e administración do patrimonio no ámbito local de Pontevedra maiormente, con referencias a outros lugares da provincia nos que a familia posuía propiedades e cobraba rendas.

22.-Ateneo de Pontevedra [1966-2008]: 10 unidades de instalación ; 45 agrupacións documentais.

Documentación sobre o funcionamento do Ateneo de Pontevedra, especialmente entre o 1990 e o 2007, con especial referencia aos actos e actividades culturais e a contabilidade. Inclúe tamén o regulamento de 1966, correspondencia dos anos noventa e un libro de rexistro de socios de 1966 a 1988.

23.-Pazo da Buzaca (1455-2013): 41 unidades de instalación; 876 agrupacións documentais

Importante fondo documental con abundantes testemuñas dos séculos XVII ao XIX. Contén moita información de carácter xenealóxico e tamén económico.

Presenta gran interese para o estudo dos foros, vínculos, capelanías e outros aspectos da vida económica das áreas de Caldas de Reis, Moraña, Barro, Cuntis e Vilagarcía. Para o século XIX ten interese para o estudo da administración e da política local e estatal por canto algúns membros da familia Varela ocuparon cargos de relevancia como Deputados Provinciais. É o caso de Lorenzo Varela Sarmiento, Deputado a Cortes, ao mesmo tempo que o seu curmán Benito Espinosa Varela, do Pazo de Cascaxide nas terras do Deza, e Diego López Ballesteros, tamen parente e dono do pazo da Golpelleira de Vilagarcía, entre 1836 e 1865, chegando incluso a presidente do Congreso. A maior parte da documentación é dos séculos XVII e XIX.

Actualmente tamén está custodiado no Arquivo Provincial o seguinte fondo documental:

→ Pazo Rubiáns (1321-2000): 268 unidades de instalación; 7.990 agrupacións documentais.

Contén documentación desde o século XIV até actualidade sendo un importante fondo documental para o estudo das relacións económicas e de poder durante a baixa idade media, a época moderna e a idade contemporánea, especialmente na comarca de Vilagarcía de Arousa.

### 3.- INGRESOS – TRANSFERENCIAS.

A transferencia ou remisión de fondos é o conxunto de procedementos mediante os que os documentos son remitidos dunha fase a outra de arquivo seguindo o denominado ciclo de vida dos documentos. Desta forma, os documentos son transferidos desde os arquivos de oficina ao arquivo intermedio e, desde este ao arquivo histórico, en función dun calendario previamente establecido. Alén da transferencia ordinaria procedente dos distintos servizos da institución, tamén existen as transferencias ou ingresos extraordinarios que son aqueles que se realizan de forma ocasional e sen prazo determinado.

#### 3.1.- Ingresos Ordinarios.

Servizos/seccións	Volume/Unidades
Intervención (Rendas)	
Tesouraría	
Secretaría Xeral	
Arquitectura	
Cultura e Deportes	
Cooperación	
Acción Social	
Infraestruturas	
Prevención e Riscos Laborais	
Recursos Humanos	
Contratación	
Padroado de Turismo	
Rexistro Xeral	
<b>TOTAL</b>	<b>578</b>

#### 3.2.- Ingresos Extraordinarios

O ingreso de documentos por transferencias extraordinarias se produce de forma ocasional, sen prazos determinados nin periodicidade algúnhia; ao contrario, dependen de numerosas continxencias.

Este ano só tivemos un ingreso deste tipo procedente do ORAL con 1.776 unidades de instalación

### 3.3.- Ingresos e volume total.

Así pois, durante o ano 2013 o Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra ingresou nos seus depósitos un total de 2.354 unidades de instalación procedentes de catorce servizos ou seccións da propia institución e introducíronse en base de datos 5.910 rexistros. Desde o exterior non se realizou ningún ingreso.

Como consecuencia da desaparición do Fondo nº 10 Colexio de Arquitectos, cedido ao Arquivo Histórico Provincial, cun total de 2.238 unidades de instalación, se está procedendo a intercalar as transferencias dos diversos servizos nos números desocupados, o que explica que o último número de unidade de instalación sexa pouco máis que o do ano 2012 (33.962 unidades de instalación).

Desta forma, o Arquivo atinxiu as 34.092 unidades de instalación e 143.926 rexistros en base de datos ao 31 de decembro de 2013.

## 4.- SERVIZO DE CONSULTA.

O obxecto final dos traballos arquivísticos é por a disposición do público e da propia Institución a información contida nos documentos custodiados no propio Arquivo. Neste senso, podemos distinguir dous grandes grupos de usuarios:

### **4.1.- Servizos internos.**

Son aqueles que se prestan á propia Deputación, que inclúe a información, en calquera fórmula, ou o préstamo directo de todo documento orixinal. A continuación podemos observar as diferentes vías de consulta e o número de usuarios.

Estes usuarios realizaron a consulta de 380 expedientes documentais, ben por teléfono ben por correo electrónico, e lles foron prestados un total de 370 expedientes.

### **4.2.- Servizos externos**

Os servizos externos poden ser subdivididos en:

- Servizos a outras administracións públicas, mediante consulta, copias e certificacións, daqueles documentos que lles sexan necesarios para o desenvolvemento das súas funcións recoñecidas por lei. Tamén a comunicación dos datos contidos no arquivo que necesiten por motivos históricos, científicos ou culturais.
- Servizo aos cidadáns, desde a premisa de que inicialmente os cidadáns poden consultar calquera documento, excepto aqueles que conteñan datos de acceso restrinxido pola lei.

Inicialmente pode consultarse directamente ou obter informes, copias, certificacións e compulsas de todo documento de libre acceso, salvo que se prexudicara de forma sensible a conservación do documento, ou que entorpeza o normal desenvolvemento do servizo.

- Servizo aos investigadores, co fin de contribuír e fomentar a investigación histórica tanto da provincia de Pontevedra coma das diferentes entidades locais que a forman, estimulando especialmente o uso e consulta dos fondos documentais, sen límite temporal e co uso dos medios de información e reprografía dispoñibles.

Estes usuarios externos realizaron a consulta de 316 expedientes.

## 5.- OUTRAS TAREFAS E ACTIVIDADES.

### 1. Museo de Pontevedra.

Segundo coa dinámica imposta, os consultores e investigadores dos fondos documentais do Museo deben localizar a información documental do Museo nas bases de datos situadas na sala de consulta do Arquivo, para de seguido facer a petición de expedientes que queren ver.

Neste senso, a atención aos investigadores/consultores do Museo de Pontevedra foi de 69 usuarios, que xeraron 142 peticións de documentación.

### 2. Organización da documentación do Arquivo do Pazo de Buzaca.

### 3. Organización do Arquivo das Salinas de Vilaboa.

4. Organización do Arquivo do Pazo de Rubiáns (en proceso). Consta de 268 unidades de instalación e 7.990 agrupacións documentais. Se organiza en 6 seccións e 38 series. O cadro de clasificación do fondo é o que segue:

#### 0.- DOCUMENTOS XENEALÓXICOS E HERÁLDICOS.

##### 0.1.- Xenealoxía. Árbores xenealóxicas.

##### 0.2.- Probas de nobreza.

#### 1.- DOCUMENTOS DE CARÁCTER PATRIMONIAL.

##### 1.1- TRANSMISIÓN DA PROPIEDADE

###### 1.1.1.- Foros.

###### 1.1.2.- Vendas.

###### 1.1.3.- Trocos. Permutas.

###### 1.1.4.- Doazóns e cesións.

###### 1.1.5.- Arrendamentos.

###### 1.1.6.- Dotes.

###### 1.1.7.- Testamentos.

###### 1.1.8.- Adquisicións.

###### 1.1.9.- Censos.

###### 1.1.10.- Capitulacións.

###### 1.1.11.- Desembargos.

###### 1.1.12.- Partillas de bens.

###### 1.1.13.- Posesións.

###### 1.1.14.- Melloras de vínculos.

##### 1.2.- ADMINISTRACIÓN DA PROPIEDADE

###### 1.2.1.- Inventario de bens

###### 1.2.2.- Cobros de rendas. Contas

###### 1.2.3.- Obras e reparacións.

###### 1.2.4- Pesca

###### 1.2.5.- Apeos

## 2.- DOCUMENTOS DE CARÁCTER SEÑORIAL

- 2.1.- Beneficios.
- 2.2.- Nomeamentos de cargos.
- 2.3.- Fundacións.
- 2.4.- Morgados.
- 2.5.- Bulas.
- 2.6.- Títulos.
- 2.7.- Xuros.

## 3.- DOCUMENTOS DE CARÁCTER XURÍDICO.

- 3.1.- Preitos.
- 3.2.- Poderes.

## 4.- OFICINA DA CASA. ARQUIVO.

- 4.1.- Correspondencia.
- 4.2.- Índices documentais.
- 4.3.- Certificacións eclesiásticas.

## 5.- OUTRA DOCUMENTACIÓN.

- 5.1.- Asuntos militares.
- 5.2.- Xornais.
- 5.3.- Planos.
- 5.4.- Fotografías.
- 5.5.- Varios.

5. Creación de base de datos dos protocolos notariais do Pazo de Sestelo.
6. Revisión do proceso de dixitalización dos fondos documentais do Arquivo da Deputación.

**NOVAS DE PRENSA**  
**ANO 2013**

**ARQUIVO DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**

## **Nova actuación de asistencia técnica no arquivo do Concello de Baiona**

**Na actualidade conta o arquivo cun total de 5.161 unidades de instalación**

---

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**  
**Patrimonio Documental e Bibliográfico**  
20 FEBREIRO 2013

O Servizo técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de incorporación ó arquivo da documentación transferida no último ano dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Baiona, con 737 novas unidades de instalación e 92 metros lineais de documentación.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó Concello de Baiona, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1981-1982 leváronse a acabo un total de oito actualizacións, nas que se foi incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando no nivel de información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 5.161 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1541 e 2013. Todo elo recollese nunha base de datos formada por 27.855 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

Este arquivo municipal é o que ten máis documentación anterior ó século XIX dos da provincia. Conta cunha colección documental, disposta en 92 unidades de instalación, que inclúe fondos variados, especialmente referidos ó Hospital Sancti Spiritus, coa documentación más antiga, dende 1320, que se gardaba no seu día no moble de arquivo que aínda conserva, realizado en 1679.

O local inicialmente dedicado a arquivo situábase na ala esquerda da edificación, distribuído en tres plantas intercomunicadas entre si por escalaира metálica, cunha superficie total superior ós setenta e seis metros cadrados. Conta este espazo con boas condicións de habitabilidade, instalacións e equipamentos suficientes para a súa finalidade.

A insuficiencia da súa capacidade e o elevado volume documental que xera o Concello obrigou a habilitar un novo espazo na planta baixa, nunha sala cadrada, cunha superficie de trinta e oito metros cadrados, intercomunicada coas anteriores por unha escalaира interior de pedra; completada esta utilizouse provisionalmente unha nova dependencia na segunda planta.

---

Copyright © 2002-2013, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal  
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES  
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124  
<http://www.depontevedra.es/>

## O concello de Pazos de Borbén actualiza de novo o seu arquivo coa colaboración da Deputación Provincial

---

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**  
**Patrimonio Documental e Bibliográfico**  
20 FEBREIRO 2013

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Pazos de Borbén, con 187 novas unidades de instalación e 21 metros lineais de documentación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó Concello de Pazos de Borbén, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, xunto cos do seu xulgado de paz.

Dende o primeiro proceso en 1989, leváronse a cabo un total de oito actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.848 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1821 e 2013, e cunha base de datos formada por 13.719 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Pazos de Borbén atópase instalado no local habilitado na planta baixa da nova casa do concello, cunhas notables condicións que garanten o seu uso e conservación.

---

Copyright © 2002-2013, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal  
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES  
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124  
<http://www.depontevedra.es/>

## Deputación actualiza o arquivo municipal de Arbo

Na actualidade conta o arquivo cun total de 2.421 unidades de instalación

---

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**  
**Patrimonio Documental e Bibliográfico**  
21 FEBREIRO 2013

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Arbo, con 163 novas unidades de instalación e 21 metros lineais de documentación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Arbo, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1992, leváronse a cabo un total de nove actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 2.421 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1837 e 2013, e cunha base de datos formada por 13.619 rexistros que permite a pronta localización de calquera expediente conservado.

Tamén se incorporou a documentación producida nos últimos anos no xulgado de paz que comparte dependencias na casa do concello. Fora organizado inicialmente en 1992, integrándose agora ao arquivo propio do xulgado a documentación producida dende entón.

---

Copyright © 2002-2013, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal  
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES  
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124  
<http://www.depontevedra.es/>

## **Unha nova actuación no arquivo municipal das Neves incorpora 110 unidades de instalación**

---

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**  
**Patrimonio Documental e Bibliográfico**  
14 MARZO 2013

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal das Neves, con 110 novas unidades de instalación que supoñen 8 metros lineais más de documentación, correspondente ó último ano de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello das Neves, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos..

Dende o primeiro proceso en 1990 leváronse a acabo un total de once actualizacíons, que foron incorporando a nova documentación producida e ó mesmo tempo, profundizando no nivel de información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 2.710 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1764 e 2013, e con suficientes instrumentos de descripción para o seu manexo e consulta, entre os que destaca unha base de datos formada por 11.697 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello das Neves atópase instalado en tres salas habilitadas no semisoto, con acceso dende a parte posterior da casa do concello, que contan cos equipamentos necesarios para poder dispor a documentación transferida.

---

Copyright © 2002-2013, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal  
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES  
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124  
<http://www.depontevedra.es/>

## **A familia do músico vigués Augusto Bárcena Saracho dona o seu legado á Deputación Provincial que crea un fondo documental específico sobre o autor**

**Tamén foron depositados 33 obxectos, maioritariamente pinturas, debuxos e instrumentos do mestre e da súa familia.**

---

### **DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

#### **Gabinete de Comunicación**

18 MARZO 2013

A familia do músico vigués Augusto Bárcena donou á Deputación Provincial de Pontevedra o legado musical do artista composto por 36 unidades de instalación dos anos 1673 a 2009 xunto con outros 33 obxectos, maioritariamente pinturas, debuxos e instrumentos do mestre e da súa familia.

Este patrimonio foi depositado no arquivo musical do Servizo de Patrimonio Documental da institución que grazas á incorporación de toda a documentación musical e familiar desta figura creou o fondo Augusto Bárcena Saracho.

A doazón á Deputación Provincial e a difusión do legado do músico vigués Augusto Bárcena Saracho (1883-1976), supón a recuperación e o recoñecemento á figura e á obra dun compositor que, aínda que pouco coñecido polo gran público, pasa por ser un dos referentes da creación musical na España do segundo cuarto do S. XX. e, ó mesmo tempo permite unha aproximación a unha das familias representativas da sociedade industrial viguesa de finais do S XIX.

O legado do Mestre Bárcena consta de ampla documentación familiar de tres xeracións da familia viguesa Bárcena (títulos nobiliarios, titulacións académicas, documentos notariais, correspondencia, fotografías, postais, retratos de membros da familia, e outros cadros, libros, etc.), da documentación musical do compositor (partituras manuscritas e impresas, borradores de obras, etc.) e de diferentes obxectos persoais de Augusto Bárcena.

### **Obxectos persoais**

Así por exemplo figura un piano de madeira, bronce e teclas de marfil; un metrónomo de madeira e metal; dúas maletas de man; un diapasón de aceiro; prismáticos de bronce con funda de pel; un busto de Wagner.

Atópanse tamén obras como un cadre de óleo sobre lenzo de Eugenia Spínola; outro de Manuel Franco; de Leopoldo Méndez; de Bernardo Bárcena; de María Saracho; de José María Bárcena Guzmán, e unha acuarela sobre papel de Augusto Bárcena Saracho.

### **Familia viguesa emprendedora**

O seu proxenitor, Augusto Bárcena Franco, foi un dos emprendedores del Vigo daquela época, cando esta cidade iniciaba un rápido despegue comercial e industrial para converterse na primeira cidade de Galicia. A súa nai, María Saracho Spínola, era de orixe vasco, aínda que naceu en Pontevedra, onde o seu pai exerceu como delegado de Facenda.

Os Bárcena Franco eran propietarios de casas de banca, consignatarios de buques, impulsores de industrias de ocio como o Teatro Tamberlick ou proxectos como O tranvía entre Vigo e Baiona, e destacaron tamén na política.

O xoven Augusto Bárcena creceu neste ambiente do mundo dos negocios. Sen embargo, a influencia materna foi máis determinante para o desenvolvemento da sensibilidade artística do compositor e o animou a que se dedicase por completo á música, a súa verdadeira vocación. O camiño que tomou foi decisivo para a súa carreira posterior.

### **Primeiros estudos**

Realizou os seus primeiros estudos na cidade de Vigo, posteriormente licenciuose en Dereito en Madrid e estudou Comercio en Barcelos. Se ben non era ese o camiño que el elixira. Precisamente, na cidade Condal foi onde desenvolveu a súa carreira creativa en tempos da Belle Époque.

En Barcelona se formou como compositor profesional e saboreou os seus melhores éxitos, despois dunha ruptura progresiva cos asuntos e negócios familiares. Bárcenas puido dedicarse enteiramente á música sen a presión de ser ese o seu medio de vida e escribir para a difusión ou o uso concreto das súas composicións, dirixidas o salón, o café concerto, o desfile na rúa ou unha incipiente radiodifusión.

O sentido práctico do compositor e a súa vontade de chegar ó gran público encaixaron coa existencia dun dinámico consumo de música en directo na Barcelona dos anos 1920-1930. Algunhas das súas creacións foron moi populares e a influencia de Galicia está moi presente na súa obra.

A pesares de que no ano 1914 se marchou a Barcelona e despois a Madrid para non volver, o compositor sempre tivo presente as súas orixes, nunca esqueceu a súa terra que aparece de forma reiterada na súa obra. Así por exemplo, dentro das obras depositadas figuran títulos como "Brisas de Barallobre. Pasodoble galego" partitura manuscrita dedicada á súa muller ; "Lembranzas da terra. Pasodoble"; "Os Pazos Galegos. Fantasía", partitura manuscrita; "En el Ríbero. Escena gallega" para piano; "Muiñeira"; "De por alá. Díptico galego", entre outras.

---

Copyright © 2002-2013, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal  
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES  
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124  
<http://www.depontevedra.es/>

## Dixitalización do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**  
**Patrimonio Documental e Bibliográfico**  
 02 MAIO 2013

Nas dependencias do Servizo do Patrimonio Documental e Bibliográfico veñen de dixitalizarse a práctica totalidade dos exemplares do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, publicación oficial da Deputación provincial dende 1834 ata a actualidade.

Esta publicación editouse en papel ao longo de dous séculos, con distintos formatos e calidades, recollendo inxente cantidade de información relativa a propia Deputación Provincial, ás actuacións e acordos dos concellos e outros organismos públicos de carácter estatal, autonómico e xudicial, con incidencia no territorio provincial, o que lle confire una extraordinaria fonte de información así como testemuña importante polo seu carácter oficial, sendo garantía de dereitos e obrigas.

Esta actuación tenta poñer esta publicación ao alcance de tódolos ciudadáns, investigadores e administracións, xa que na actualidade só é consultable na web desde o ano 2000. Coa mesma tratase de centralizar no Servizo de Patrimonio Documental una única colección en papel, o máis completa posible para calquera consulta ou uso puntual que o puidese requirir.

Completar a totalidade dos números publicados dende 1834 non foi doado, debendo recorrer a axuda de varios centros documentais. No final do proceso conseguiuse localizar e dixitalizar a práctica totalidade dos números, procedendo a maior parte deles dos orixinais conservados nas dependencias do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico e do propio Servizo de Museo da Deputación Provincial.

Moi importante foi a colaboración doutros centros documentais, especialmente o Instituto Padre Sarmiento, que facilitou os exemplares de 1837, 1841, 1842 e 1843, conservados na súa Biblioteca; o Arquivo Municipal de Vigo, no que se dixitalizaron exemplares de 1835, 1836, 1838, 1840, 1845, 1846 e 1849, así como outros do período 1850 ata 1929, dispondo ademais dunha completa colección para a consulta de orixinais nas súas instalacións do semisoto da casa do concello. Ademais o arquivo municipal de Tui, que grazas ao celo conservador de María Dolores Gamallo, auxiliar de Biblioteca e Arquivo do concello durante moitas décadas, puido facilitar diversos tomos do século XIX e dos anos 1936 a 1939, que contribuíron a completar algunas lagoas importantes.

Por último estase xestionando na Biblioteca Nacional en Madrid a dixitalización de algúns números soltos de varios anos que permitirán por a disposición dos ciudadáns a totalidade dos números publicados, obxectivo que se está a punto de conseguir.

A Deputación de Pontevedra porá a disposición de administracións e ciudadáns nun futuro inmediato as 286.147 imaxes coas diferentes páxinas do Boletín Oficial da Provincia, entre os anos 1834 e 2000, con alta calidade e resolución e que disporán de recoñecemento "OCR" para facilitar buscas dentro do texto. Os Boletíns dende o ano 2000 xa son consultables na web [www.depo.es](http://www.depo.es) nos últimos anos.

---

Copyright © 2002-2013, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal  
 Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES  
 Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124  
<http://www.depontevedra.es/>

## Dixitalizados a totalidade dos libros de actas de Deputación Provincial

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**  
**Patrimonio Documental e Bibliográfico**  
 03 MAIO 2013

A primeira actuación de dixitalización de fondos do Arquivo da Deputación Provincial, considerada prioritaria e de principal interese, recolle os libros de actas dos distintos órganos colexiados, coa finalidade de permitirnos e facilitarnos a súa conservación, difusión e consulta.

Estes documentos son todos orixinais, conservados en papel e encadernados (non de maneira uniforme) con diferentes tamaños e formatos, normalmente de 34x46 cm e 20x30 cm, e cunha media de 200 páxinas por volume.

Os traballos comenzaron a finais do pasado ano dixitalizando os libros de actas do Pleno da Corporación e da Comisión de Armamento e Defensa desde 1836 (data de constitución da entidade provincial) ata o ano 2008.

Os libros de actas do Pleno da Corporación recollen os acordos e debates sobre as principais actuacións da institución ó longo dos anos da súa existencia. Supoñen unha necesaria e inesgotable fonte de estudo e información sobre as actuacións en diferentes ámbitos por todo o territorio provincial. Conforman un total de 146 libros conservados nas dependencias do Arquivo faltando só referencias ós anos 1875, 1876 e 1901, por causas que se descoñecen.

Tamén se dixitalizaron os libros de actas da Comisión Municipal Permanente, un total de 88 exemplares, correspondendo ó período entre 1837 e 1931; e tamén os da Comisión Xestora (16 libros), desde 1931 ata 1949. Estes órganos, cun maior número de sesións pero un menor número de acordos, están formados por menos membros e posúen competencias más reducidas, especialmente de alcance económico e orzamentario.

Á Comisión de Goberno e a Xunta de Goberno (órganos colexiados más novos que documentan un amplo abano de decisións e actuacións), dedicánselle un total de 36 e 22 libros respectivamente.

Complétase este conxunto documental coa dixitalización das actas das sesións da Comisión Mixta de Quintas, de 1924, e dos libros de actas de sesións da Xunta Provincial do Censo Electoral entre 1922 e 1976.

Tecnicamente, o proceso de dixitalización realiza-se por sesións, habilitándose unha carpeta para almacenar os documentos de cada unha delas. O conxunto de documentos dixitais resultantes custodiaránse nun xestor documental a disposición dos usuarios nun prazo razoablemente breve. Esta dixitalización complementará oinxente esforzo que durante anos se vén realizando no proceso de pasar a unha base de datos creada para este fin, na que xa están transcritos case a totalidade dos textos (acordos dos distintos órganos) que se recollen nestes libros.

---

Copyright © 2002-2013, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal  
 Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES  
 Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124  
<http://www.depontevedra.es/>

## **En marcha os traballos de dixitalización de fondos conservados no Arquivo municipal de Pazos de Borbén**

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**  
**Patrimonio Documental e Bibliográfico**  
 09 MAIO 2013

Dentro do programa de dixitalización de fondos dos arquivos municipais da provincia, en execución na actualidade en 58 concellos da provincia de Pontevedra, veñen de iniciarse a pasada semana as actuacións na documentación de maior relevancia informativa (actas e rexistros especialmente) conservada no Arquivo municipal de Pazos de Borbén.

Para elo instaláronse tres equipos "Copibook" cos que se pretende dixitalizar cerca de cen mil imaxes, que recollan os contidos dos principais documentos, de acordo cunha planificación común para a totalidade dos arquivos da provincia.

A actuación en todo caso está limitada nesta primeira fase a unha pequena porcentaxe do total documental. Pazos de Borbén dispón no seu arquivo municipal de 1848 unidades de instalación, con máis de 14.000 expedientes, que acollen documentos dende 1821 ata a actualidade, preferentemente do século XX.

Detallado polo miúdo, a actuación en curso dixitalizará libros e rexistros, documentos e expedientes das seguintes series:

- Expedientes de división territorial (1885-2006)
- Libro de actas Pleno (1841-2011)
- Expedientes de cargos municipais (1926-2012)
- Ordenanzas e regulamentos (1851-2011)
- Libro de resolucións da Alcaldía (1952-2011)
- Expedientes de protocolo (1979-2003)
- Heráldica municipal (1991-1994)
- Libro de actas Comisión Municipal Permanente (1924-1985)
- Libro de actas da Comisión de Goberno (1985-2003)
- Libro de actas da Xunta de Goberno Local (2004-2012)
- Libro rexistro de entrada de documentos (1864-2011)
- Libro rexistro de saída de documentos (1929-2011)
- Inventario de bens (1850-2010)
- Expedientes de arrendamentos (1883-2011)
- Expedientes de alleamientos e cesións (1907-2011)
- Expedientes de desafectacións (1962-2005)
- Expedientes de doazóns (1962-2002)
- Expedientes de compras (1956-2008)
- Expedientes de permutas (1966-2007)
- Expedientes de reversións (1992-2001)
- Expedientes de deslinde (1980)
- Libro rexistro de licenzas de obras (1978-1987)
- Xunta Local de Sanidade (1854-1952)
- Xunta Local de Beneficencia (1843-1956)
- Xunta Municipal de Ensino (1854-2000)
- Xunta Municipal do Censo de Poboación (1857-1911)
- Xunta Municipal de Asociados (1872-1924)
- Xunta Pericial (1877-1990)
- Libros de Amillaramento (1946-1952)

Está prevista a súa execución nun prazo non superior aos dous meses de traballo efectivo nas dependencias do propio arquivo municipal.

## Convocado curso de formación sobre descripción arquivística

---

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**  
**Patrimonio Documental e Bibliográfico**  
09 MAIO 2013

A Deputación de Pontevedra ten convocado, xunto con outros, un curso específico coa denominación "Descripción arquivística. Principios e prácticas. Norma ISAD-G" (UNI-13-003), incluído dentro de plan de formación do primeiro semestre do ano 2013

Este curso vai destinado inicialmente ao persoal do propio Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico así como dos concellos adheridos ao Plan de Formación da Deputación de Pontevedra, cuxas funcións estean directamente relacionadas co contido do curso.

Esta prevista, en principio, unha única edición cun límite de prazas establecido en 25 asistentes; desenvolverase en 20 horas lectivas, cunha metodoloxía teórico-práctica, dende o día 3 ao 10 de xuño, en horario de tarde

Os obxectivos previstos para esta específica formación son a actualización de coñecementos en relación coas propostas de normalización descriptiva e a súa plasmación a nivel informático; ademais tentará facilitar unha base sobre as normas de descripción arquivística e a xestión de documentos electrónicos de Arquivo. É tamén intención preferente dar a coñecer a norma ISO-15489, como guía para a xestión de documentos de arquivo dunha organización, independentemente do soporte no que se atopan.

Entre os contido a desenvolver figuran as normas de descripción arquivística e xestión de documentos electrónicos: ISAD(G), ISAAR (CPF), ISAF, ISIAH, NEDA, especificación MOREQ e norma ISO-15489.

Máis Para máis información e solicitudes:

<http://www.depo.es/web/eDepo/cursos-de-formacion>

---

Copyright © 2002-2013, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal  
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES  
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124  
<http://www.depontevedra.es/>

## A Casa do Mapa e a Cartoteca da Deputación de Pontevedra na Feira do Libro 2013

---

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**  
**Patrimonio Documental e Bibliográfico**  
15 MAIO 2013

A Casa do Mapa, asociada á Cartoteca Provincial Domingo Fontán da Deputación de Pontevedra, como en anos anteriores concorre á Feira do Libro para poñer a disposición de todos os cidadáns a información xeográfica e cartográfica xerada.

O obxecto é promover e divulgar o patrimonio cartográfico, e fomentar o uso da cartografía e o coñecemento do noso territorio.

Nela os cidadáns poderán coñecer os produtos cartográficos editados polo Centro Nacional de Información Xeográfica, á vez que adquirilos mediante compra.

Ademais poderán achegarse ós fondos propios da Cartoteca Provincial, adscrita ó Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, que ofrece un servizo público de consulta de material cartográfico especializado polo seu ámbito xeográfico: a provincia de Pontevedra.

A Feira do Libro terá lugar nas cidades de Pontevedra -do 21 ó 26 de maio na Praza da Ferrería- e de Vigo -do 28 de xuño ó 7 de xullo na Praza de Compostela-.

---

Copyright © 2002-2013, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal  
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES  
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124  
<http://www.deponcevedra.es/>

## Barro actualiza o seu arquivo municipal coa colaboración da Deputación

---

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**  
**Patrimonio Documental e Bibliográfico**  
24 MAIO 2013

O servizo técnico do patrimonio documental da deputación acaba de rematar un novo proceso de actualización da documentación transferida no último ano dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Barro, que se atopa instalado no local habilitado no semisoto da casa do concello.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Barro, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos. Supuxo, nesta ocasión, a transferencia de 178 novas unidades de instalación e 23 metros lineais de documentación.

Na actualidade conta o arquivo municipal cun total de 2.049 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1839 e 2013.

Dende o primeiro proceso en 1992 leváronse a cabo un total de oito actualizacions, que foron incorporando novos documentos producidos e, ó mesmo tempo, profundando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente, podendo consultarse a día de hoxe unha base de datos formada por 10.749 rexistros que permite a localización de calquera deles.

---

Copyright © 2002-2013, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal  
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES  
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124  
<http://www.deponcevedra.es/>

## Actualización do arquivo municipal de Sanxenxo

**Conta o arquivo con 44.282 agrupacións documentais descritas, con documentos entre 1863 e 2013**

---

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**  
**Patrimonio Documental e Bibliográfico**  
04 XULLO 2013

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso colaboración na actualización dos instrumentos de descripción referidos á documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Sanxenxo, situado no soto da casa do concello.

Estes traballos desenvoltos nos pasados meses supuxeron a incorporación de 1.585 novas unidades de instalación e 143 metros lineais de documentación, que corresponde ós dous últimos anos, que veñen de ser revisadas e incorporadas os instrumentos de descripción, actualizando a información que deste arquivo se ofrece dende a páxina web.

Esta actuación enmárcase dentro dun proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia de patrimonio documental, que no caso concreto do arquivo municipal de Sanxenxo, se iniciou en 1988 e se desenvolveu en sucesivas fases de profundización informativa e de actualización e informatización nos anos 1990, 2000, 2001, 2005, 2007, 2009, 2011 e 2013.

O resultado vén ser un conxunto documental organizado, debidamente instalado, de fácil manexo e consulta e de conservación garantida, composto por un total de 12.017 unidades de instalación, con documentación principalmente do século vinte, con datas extremas que van de 1863 ata o 2013.

Dispón o arquivo dos instrumentos suficiente para o seu manexo e control, especialmente a base de datos do inventario descriptivo formado por 44.282 rexistros que detallan a nivel de expediente a maior parte dos fondos.

---

Copyright © 2002-2013, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal  
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES  
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124  
<http://www.depontevedra.es/>

## Ponte Caldelas actualiza o seu arquivo municipal

Na actualidade conta o arquivo cun total de 2.763 unidades de instalación

---

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**  
**Patrimonio Documental e Bibliográfico**  
04 XULLO 2013

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación xerada nas oficinas xestoras e transferida ó arquivo municipal, situado nunhas axeitadas instalacións na recente ampliación da casa do concello.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Ponte Caldelas, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos. Nesta ocasión, ademais da reinstalación da totalidade do arquivo nas novas dependencias, incorporáronse 304 novas unidades de instalación, o que supón cerca de corenta e catro metros lineais de documentación.

Dende o primeiro proceso en 1985, leváronse a cabo un total de dez actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente, coincidindo coa súa instalación na nova casa do concello.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 2.763 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1811 e 2013, e cunha base de datos formada por 15.177 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

---

Copyright © 2002-2013, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal  
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES  
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124  
<http://www.depontevedra.es/>

## Rodeiro actualiza o seu arquivo municipal coa colaboración da Deputación Provincial

---

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**  
**Patrimonio Documental e Bibliográfico**  
13 SETEMBRO 2013

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos dous últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Rodeiro, con cento corenta e unha novas unidades de instalación e quince metros lineais de documentación, correspondente a súa xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó Concello de Rodeiro, no que se procedeu en distintas fases á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, así como dos do seu xulgado de paz e da cámara agraria local.

Dende o primeiro proceso en 1993, leváronse a cabo un total de oito actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.411 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1850 e 2013, e cunha base de datos formada por 9.146 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Rodeiro instalado no local habilitado na segunda planta da nova edificación anexa á casa do concello, cunhas notables condicións que garanten o seu uso e conservación.

---

Copyright © 2002-2013, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal  
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES  
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124  
<http://www.depontevedra.es/>

## Actualízase o arquivo municipal de Vila de Cruces

Conta con 2.234 unidades de instalación

---

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**  
**Patrimonio Documental e Bibliográfico**  
13 SETEMBRO 2013

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Vila de Cruces, con 197 novas unidades de instalación e 22 metros lineais de documentación, que corresponde ós dous últimos anos.

Esta actuación enmárcase dentro dun proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia de patrimonio documental, que, no caso concreto do arquivo municipal de Vila de Cruces, se iniciou en 1993 e se desenvolveu en sucesivas fase de profundización informativa e de actualizacions e informatización nos anos 1995, 1998, 2000, 2002, 2005, 2007, 2009, 2011 e 2013.

O resultado vén ser un conxunto documental organizado, debidamente instalado, de fácil manexo e consulta e de conservación garantida, composto por un total de 2.234 unidades de instalación, con documentación principalmente do século e vinte, con datas extremas que van de 1872 ata o 2013.

Dispón o arquivo dos instrumentos suficiente para o seu manexo e control, especialmente a base de datos do inventario descriptivo formado por 14.631 rexistros que describen a nivel de expediente a maior parte dos fondos.

---

Copyright © 2002-2013, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal  
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES  
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124  
<http://www.depontevedra.es/>

## **Exposición documental no Arquivo da Deputación sobre de Manuel Ventura Figueroa e a súa Fundación.**

**A bibliografía exposta, composta por monografías e artigos de revista, pertence á Biblioteca do organismo provincial**

---

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**  
**Patrimonio Documental e Bibliográfico**  
 14 SETEMBRO 2013

O Arquivo da Deputación inaugurará o vindeiro sábado 14 de setembro, ás 12:00 horas, a exposición do fondo documental de Manuel Ventura Figueroa e da fundación que leva o seu nome; unha mostra á que achegarse para coñecer o legado deste ilustre personaxe, que estará dispoñible ata o 18 de outubro no Arquivo da Deputación.

Manuel Ventura Figueroa, ilustre persoero do século XVIII, santiagués de modesto nacemento que desenvolveu duramente unha brillante carreira chegando a ocupar cargos eclesiásticos e políticos, mesmo converténdose en home de confianza do rei Carlos III, foi gobernador do Consello e da Cámara de Castela e desempeñou un importante papel na política española do momento.

Foi unha figura que transcendeu pola súa última vontade, a creación da Fundación Manuel Ventura Figueroa, que fixo posible que a súa familia e os seus descendentes cursasen estudos e obtivesen dotes. No seu testamento deixou claramente explicado como debían organizar unha fundación que, co seu capital, lles debía dar estudos e dote para o casamento e para vestir os hábitos a todos os seus parentes pobres.

Tiñan prioridade as orfas, e se era posible tamén se repartiría entre os más desfavorecidos, áinda que non fosen parentes, das parroquias dos seus avós, San Vicente de Vigo, Santa María de Xanza, San Pedro de Tenorio e Santiago de Viascón.

### A Fundación

Trátase da entidade máis antiga de España, hoxe aínda activa baixo a supervisión da Xunta de Galicia e nexo de unión entre os seus descendentes, que se fan chamar figueroístas, entre os que se encontran Montero Ríos, Bouza Brey, Álvaro Cunqueiro ou Aquilino Lois.

Aínda que a maior parte do fondo documental desta fundación se atopa no Arquivo da Universidade de Santiago de Compostela o Museo de Pontevedra posúe una pequena parte, entre a que destacan as árbores xenealóxicas do único clan galego que as ten completas desde mediados do século XVII.

A este fondo pertence tamén a documentación relacionada coa fundación entregada por Fernando Piñeiro de la Torre en 2010 en calidade de depósito ó Museo, parte da cal se expón na sala; destacan precisamente estas árbores xenealóxicas dos parentes e beneficiarios de Ventura Figueroa.

A exposición tamén conta cun libro que contén a escritura da entidade, do ano 1784, que inclúe a copia do testamento e actas de 1786 a 1885, ademais dun documento das árbores xenealóxicas realizadas en 1882 e doado a mediados do século XX por Marcial Beade.

## **A golada actualiza o seu arquivo municipal cos colaboración da Deputación Conserva documentos entre 1840 e 2103**

---

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**  
**Patrimonio Documental e Bibliográfico**  
16 SETEMBRO 2013

A Deputación a través do Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso para actualizar a documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Agolada, con 138 novas unidades de instalación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente ó Concello de Agolada en materia de patrimonio documental, no que se procedeu á clasificar, ordenar, describir e instalar os seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1989, leváronse a cabo un total de sete actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundando na información ata a informatizar o inventario descriptivo, a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1404 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1840 e 2013, e cunha base de datos formada por 9.095 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

O patrimonio documental do Concello de Agolada atópase instalado no local habilitado na planta baixa da casa do concello e conta con equipamentos e instalacións axeitadas para a súa conservación.

---

Copyright © 2002-2013, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal  
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES  
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124  
<http://www.depontevedra.es/>